

LUGO

**INFORMACIÓN
CULTURAL E TURÍSTICA
2025**

VENRES 07/11 A XOVES 13/11



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



Yumi Ito - Festival de Jazz de Lugo



LUGO

INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 06/11. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.



982 297 199




LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



ENTRADASLUGO.ES

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.

NOTICIAS

A deputada de Cultura Iria Castro e a concelleira de Cultura Maite Ferreiro reuníronse coa dirección da Academia Galega do Audiovisual para avanzar na programación de actividades de cara á celebración da gala da XXIV edición dos Premios Mestre Mateo o vindeiro 21 de marzo no Auditorio Fuxan Os Ventos en Lugo.

Iria Castro e Maite Ferreiro explicaron que “traballamos conxuntamente coa Academia Galega do Audiovisual para converter estes meses de camiño cara a celebración da gala nun tempo para visibilizar o talento, a creatividade e a diversidade de proxectos que se desenvolven en Lugo no ámbito do audiovisual” e tamén para “socializar a importancia do sector audiovisual na normalización da lingua”.





Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

52-BLAU

MOSTRA ABERTA
07.11 - 18h

Museo MIHL de Lugo

reserva de entradas 604002295

'AS QUE CONTAN'

NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN:
VENRES 07 DE NOVEMBRO ÁS 19:00H

PALESTRA SOBRE PALESTINA

Amir Ismail
Médico em Ferrol, nascido em Gaza. Ativista da causa Palestina.

Inácio Martinez e Joám Lopes
Ativistas da causa Palestina e participantes na Marcha a Gaza

7 de novembro às 19h30

mádia leva!
Centro social rua Serra de
Anceres 18 Lugo

Venres 7 de Novembro

📍 O Vello Cárcere
19:30

PROXECCIÓN DO FILME

REBOIRAS

ACCIÓN E CORAZÓN

Coloquio con
Marisa Canto



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Auditorio Fuxan os Ventos

Venres 7 de novembro ás 20:30 h

**VICTOR WOOTEN
& THE WOOTEN
BROTHERS** USA

**SOLD
OUT**

ORGANIZA

Prezo reducido

Venda de entradas
www.entradaslugo.es



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

ESGOTADAS ENTRADAS ESGOTADAS ENTRADAS ESGOTADAS

Conhecidos colectivamente como un dos grupos de irmáns máis talentosos e dinámicos que o mundo teña escoitado; desde a súa mocidade, elementos da natureza musical a redefiní-los límites de jazz, funk, soul, R&B, rock e bluegrass.

Victor Wooten, en cinco ocasións gañador dun Grammy, apareceu igual número de veces na portada da revista *Bass Player*. Membro fundador do ecléctico grupo Bela Fleck and the Flecktones, é un dos mellores baixistas vivos do presente e, a miúdo comparado con Jaco Pastorius, integra a lista de clasificación da revista *Rolling Stone* dos dez mellores de tódolos tempos.

Joseph Wooten posúe unha impresionante lista de dotes, impresionante incluso para os estándares do clan Wooten. Desde 1993, é tecladista e vocalista da Steve Miller Band, cuxo artista á fronte se incluíu no Salón da Fama do Rock. Joseph tamén é compositor e arranxador nomeado para os Grammy e destacou por excepcional como vocalista desde neno. Colaborou con figuras como Whitney Houston, Kashif, Kenny G e George Clinton e, cando non está de xira con Miller, lidera a propia banda.

en xeral. Famoso, así mesmo, polas súas irreais e inimitables actuacións é aínda quen de realzalas cunha surrealista selección de instrumentos; os seus emblemáticos inventos Drumitar e RoyEl (teclado).

O estilo característico da guitarra de Regi Wooten, que definen acordes, slaps, tapping e rasgados sen freo, valeulle sona mundial e comparacións con Jimi Hendrix, Frank Zappa e Chuck Berry. Nos últimos anos, Regi tocou canda numerosos artistas incluído o lendario Ginger Baker. Coñecido mundialmente como o Mestre, na actualidade ensina música en Nashville.




Victor Wooten: baixo
Regi Wooten: guitarra
Joseph Wooten: teclados
Roy Futureman Wooten: batería





Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua





Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



SÁHARA OCCIDENTAL

50 ANOS DE OCUPACIÓN



9 de NOVIEMBRE, de 11:00 a 15:30

CENTRO SOCIAL A HEDREIRA

- Palestras sobre o contexto xeopolítico e situación actual do Sáhara Occidental
- Visionado do documental "Ocupación SA"
- Xantar saharai vegano

Preferiblemente avisar se queres participar: csahedreira@riseup.net

SWEET LUGO PRESENTA

DOMINGOS DE COMEDIA

09 NOVIEMBRE

MONOLOGO

MIGUEL SINCERO

COMPRA TU ENTRADA

10€ ENTRADA ANTICIPADA
12€ ENTRADA EN PUERTA (SI QUEDAN)

Sweet

MÁS INFORMACIÓN EN
WWW.SWEETLUGO.COM

AVELINO POUSA ANTELO 8
RECATELO / PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO LUGO



PRESENTACIÓN

MULLERES QUE VIVEN XUNTAS DE ABRIL CAMINO

PREMIO XERAIS DE NOVELA 2025

13	Novembro de 2025	18:30 horas	 Librería Soños de Papel (Lugo)
----	------------------	-------------	--



XXXV FESTIVAL

1-15 NOVEIMBRO

LUGO JAZZ 2025



AUTOR: MISO BARRAL

ORGANIZA:



PATROCINAN:



+ info
www.jazzlugo.com

COLABORAN:



Círculo das Artes **Escenario**



Xoves 6 de novembro ás 20:30 h

VINCENT PEIRANI

Living Being FRANCIA

Sábado 8 de novembro ás 20:30 h

HAROLD LÓPEZ-NUSSA

Nueva Timba
Featuring
GRÉGOIRE MARET CUBA/SUÍZA

Domingo 9 de novembro ás 19:30 h

FRED HERSCH

TRIO USA

Mércores 12 de novembro ás 20:30 h

YUMI ITO

SUÍZA/POLONIA/ESPAÑA/ITALIA

Xoves 13 de novembro ás 20:30 h

MARCH

MALLOW FRANCIA



PATROCINA



Venres 14 de novembro ás 20:30 h

JAZZMEIA

HORN USA

Sábado 15 de novembro ás 20:30 h

LOS HOT CHOCOLATES

ESPAÑA

Casa do Saber da USC

Martes 11 de novembro ás 20:00 h

Entrada libre ata
esgotar localidades

ALBA ARMENGOU

TRÍO CATALUÑA



Auditorio Fuxan os Ventos

Venres 7 de novembro ás 20:30 h

Venda de entradas
www.entradaslugo.es

VICTOR WOOTEN

& THE WOOTEN
BROTHERS USA

ORGANIZA

Prezo
reducido



Martes 11 de novembro ás 20:30 h

CHUCHO VALDÉS

ROYAL. QUARTET CUBA

EN COLABORACIÓN CON
PRODUCCIONES
MIRMIDÓN

Clavicémbalo



Sábado 1 de novembro ás 22:30 h

BJC (Beater

Jazz Collective) GALICIA

Xoves 6 de novembro ás 22:30 h

ARTURO PUEYO QUARTET



Venres 7 de novembro ás 22:45 h

POCKET CORNER

NORUEGA

Venres 7 de novembro ás 23:45 h

ASTRID JONES &

THE BLUE FLAPS



GUINEA/CUBA/MADRID

Sábado 8 de novembro ás 22:30 h

WEALMAN

LUGO

Sábado 8 de novembro ás 23:45 h

Organiza: FACELA

GILIPOJAZZ

MADRID

Martes 11 de novembro ás 22:30 h

RICARDO FORMOSO

Electric Rebound GALICIA

Mércores 12 de novembro ás 22:30 h

TOMILLO COLLECTIVE

PAÍSES BAIXOS

Xoves 13 de novembro ás 22:30 h

DEBORAH J.

CARTER USA/PAÍSES BAIXOS/ESPAÑA

Venres 14 de novembro ás 22:30 h

ÁLEX CONDE TRÍO

VALENCIA



Venres 14 de novembro ás 23:45 h

SEADA QUARTET

GALICIA

Sábado 15 de novembro ás 22:30 h

ROBERTO NIEVA QUARTET

CASTELA E LEÓN



Sábado 15 de novembro ás 23:45 h

KIKE LÓPEZ SEPTETO

GALICIA

Conservatorio de Música Xoán Montes

Mércores 5 de novembro ás 20:00 h

Entrada libre ata
esgotar localidades

Josep-Manel Vega coa

Xove Orquestra de Lugo
TERRA NOVA LUGO

Emenda e traduce: Shui Long

Maquetación e impresión: Sete Cores Artes Gráficas

Deseño de portada: Suso Barral

Venres 7 de novembro ás 22:45 h

POCKET CORNER NORUEGA

Didrik Ingvaldsen é nome principal da vangarda *jazzística* europea e o *free jazz* —en contacto con espazos sonoros procedentes das tradicións musicais norueguesa e africana entre outras— constitúe o principal sinal de identidade do seu labor. A música improvisada mantívose como constante nos numerosos proxectos nos cales, desde hai máis de tres décadas e en complicidade cun atado de intérpretes de indubidable magnitude, andou enredado este trompetista e compositor noruegués (natural de Stavanger, onde tamén exerce como profesor) a quen sempre se asocia con Don Cherry e Don Ellis e ao que avalan unha ducia de discos, varias publicacións e, por suposto, os centos e centos de concertos que protagonizou ao abeiro das diferentes bandas das que fixo parte, ben como líder, ben como colaborador.

Ingvaldsen fundou, no 1986, Pocket Corner, a formación na que depositou máis desvelos e que mellor representa a esencia da súa concepción musical. A idea de Pocket Corner adquire individualidade senlleira no carácter atrevido e arriscado, afastado de calquera ortodoxia e fortalecido pola continua interacción dos músicos provistos dunha paleta extensa e variada de rexistros e estruturas de son.



Didrik Ingvaldsen: trompeta
Glenn Brun Henriksen: saxo alto
Petru Popa: teclados
Ståle Birkeland: batería

Venres 7 de novembro ás 23:45 h



ASTRID JONES & THE BLUE FLAPS

GUINEA/CUBA/MADRID

Excede os dez anos de traxectoria Astrid Jones & The Blue Flaps e consolídase no panorama musical de Madrid como banda suprema en autenticidade e sofisticación.

O seu son proporciona unha vivencia irrepitible en directo na que emoción e groove encarnan personaxes principais; un percorrido a ceo descuberto ente o *soul*, o *jazz*, o *reggae*, o *funk* e os ritmos africanos.

Desde un primeiro álbum, *Stand Up* (2014), ata *Shine* (2025), o seu último traballo, gravado en Okoumé Studios e producido polo guitarrista Carlos Bratt, o da banda, esta non parou de enriquece-la propia e adorable identidade sonora.

Cada concerto de Astrid Jones & The Blue Flaps vale por múltiples invitacións a sentir, conectar e deixarse levar da elegante fusión de estilos e características esenciais, ocasionando momentos que perduran e mensaxes que vibran alén do escenario.



Astrid Jones: voz
Carlos Bratt: guitarra
Carlos Soria: baixo
Arnaldo Lescay: batería
Ernesto Millán: saxo e teclados



Sábado 8 de novembro ás 20:30 h

HAROLD LÓPEZ-NUSSA

Nueva Timba

Featuring

GRÉGOIRE MARET CUBA/SUÍZA

Innovación e virtuosismo, *Nueva Timba*, último disco do pianista cubano Harold López-Nussa e segundo que lle edita Blue Note Records tras *Timba a la Americana* no 2023, xunta á vangarda do jazz múltiples épocas da historia musical cubana e acada increíbles, accesibles e inspiradores resultados. Híbrido entre directo e estudio, foi gravado no club Le Duc des Lombards, unha institución do jazz en París, e posteriormente remodelado e mellorado en posproducción co dobre obxectivo de documenta-la emocionante destreza de López-Nussa como intérprete en directo e aproveita-la pureza de son e a preciosidade conceptual que se logran no estudio.

Nueva Timba é, antes de nada, unha viaxe: obra narrativa manifestamente persoal arraigada en profundos e a miúdo dolorosos cambios vitais, reflicte a recente mudanza de López-Nussa de Cuba a Francia. O álbum conta a historia dun home desprazado, un pai novo á procura do seu camiño en país alleo mentres estraña a terra natal cunha intensidade desoladora e ten que recuperarse de feridas como a morte da súa nai. O tormento crecente vaino levando a un estado de desesperación do que ha saír de vagar máis con seguridade ao tempo que a luz se filtra entre as nubes deixando ao descuberto a senda pola que avanzar; lágrimas de dita para o horizonte.



A banda, cun núcleo de talento inigualable —o irmán de Harold, Ruy Adrián López-Nussa, na batería, Luques Curtis no baixo e o excelente Grégoire Maret na harmónica—, perfírase visión definitiva do futuro jazz latino.

Harold López-Nussa: piano

Grégoire Maret: harmónica

Luques Curtis: baixo

Ruy Adrián López-Nussa: batería



Sábado 8 de novembro ás 22:30 h

WEALMAN LUGO

Wealman volve ao Clavi para face-la apertura do espectáculo que comparte con outra gran banda, igual ca, no seu día, con The Paris Monster. O agora cuarteto segue a deleitarnos co seu eclecticismo que se move entre o *rock*, o *funk* e a música electrónica e no que o *jazz* fai sendeiro a través da improvisación nas pezas orixinais do seu batería e compositor Ro Muñoz.

Gonzo Piña: baixo
Sergio Guzmán: guitarra
Toño Otero: saxo
Ro Muñoz: batería



Sábado 8 de novembro ás 23:45 h

Organiza: **FACELA**

GILIPOJAZZ MADRID

O *power* trío madrileño vén de lanza-lo seu segundo disco, *Progresia Adecuadamente*; máis contundente, máis Gilipo se posible. Sobe de nota e parece non ter límites.

Uns rapaces de barrio que pasaron as tardes desde a tenra adolescencia tocando en grupos ás mancheas e colaborando con numerosos compañeiros de profesión, madría leva!, son quen de achegarse a tódolos públicos.

Ao se tratar de melómanos realmente apaixonados, os membros desta banda permiten sen complexos que nas súas composicións se mostre a influencia de infinidade de artistas: Frank Zappa, System of a Down, Tower of Power, Screaming Headless Torsos, Magma e Cardiacs fan exemplo.

Cociñannos *jazz punk*, cun oitenta e sete coma vinte e nove por cento de música instrumental —porcentaxe de panadeiro—, combinado con outros estilos e xéneros, sexan *funk*, *rock* progresivo, *metal*, sexan trazos de música clásica. Engaden o humor que desperdician en directos e videoclip. Poden recordar, no que a posta en escena se refire, a Les Luthiers e a Tricicle. Saboroso todo!



Iker García: guitarra
Ángel Cáceres: baixo
Pablo Levin: batería



Domingo 9 de novembro ás 19:30 h

FRED HERSCH

TRIO

USA

Durante máis de tres décadas, Fred Hersch foi un referente no mundo do piano de jazz, tanto polo seu traballo como compositor, improvisador e colaborador moi solicitado, como por actuacións en calidade de solista e mais polos tríos de longa traxectoria dos que formaba parte.

Nacido en Cincinnati, Ohio, no 1955, Hersch comezou a toca-lo piano á idade de catro anos e a compoñer cando tiña oito. Foi nomeado Pianista Jazz do Ano en tres ocasións pola Asociación de Periodistas de Jazz, obtivo becas da Cámara da Música de América amais da Rockefeller entre outros moitos recoñecementos e merecidos apoios.

Apaixonado portavoz da loita contra a sida desde 1993, produciu e gravou catro discos cuxas ganancias foron para a causa e ten ofrecido numerosos concertos con esta mesma fin. A influencia de Hersch foi enorme na nova xeración de pianistas de jazz, desde os antigos alumnos de Hersch, entre os que se encontran Brad Mehldau e Ethan Iverson de The Bad Plus, ata colegas de profesión como Jason Moran, quen deixa dito: «Fred ao piano é coma LeBron James no basketball: a perfección».

Os discos no seu haber como líder e colíder superan os cincuenta, foi dezasete veces nomeado para os Grammy e recibiu numerosos premios e eloxios. Merecente da Beca Guggenheim 2003, foi cualificado como «o pianista máis sorprendentemente innovador



do jazz da última década» por *Vanity Fair*, «unha elegante forza de invención musical» por *LA Times* e «unha lenda vivinte» por *The New Yorker*.

Fred Hersch: piano

Drew Gress: contrabaixo

Jochen Rückert: batería



Casa do Saber da USC



Martes 11 de novembro ás 20:00 h

Entrada libre ata
esgotar localidades

ALBA ARMENGOU TRÍO CATALUÑA

Blancos y grafitos é o novo traballo discográfico da talentosa cantante e trompetista Alba Armengou, quen se une ao guitarrista Vicente López e ao percusionista e tamén cantante Tramel Levalle para crear e regalar unha auténtica xoia de harmonía, unha celebración da música na súa forma máis pura. Este álbum fusiona a canción de autor e o folclore latinoamericano dando como resultado unha experiencia sonora rica en matices e emocións. Convida á escoita unha vez e outra para descubrir novos detalles e sensacións cada volta. A combinación de virtudes artísticas fai que a audiencia se interne en paisaxes sonoras cheas de dinamismo e delicadeza que resoarán no seu corazón moito despois de que a derradeira nota se esvaeza.

Alba Armengou:

voz e trompeta

Martí Escobedo

i Faúndez:

guitarra

Tramel Levalle:

percusión e voz



Auditorio Fuxan os Ventos

Martes 11 de novembro ás 20:30 h

CHUCHO VALDÉS ROYAL QUARTET

CUBA

Chucho Valdés, o artista máis influente da música latina, un dos mellores pianistas do mundo e rei indiscutible do jazz afrocubano, galardoado con numerosos premios Grammy e creador de Irakere —o lendario grupo cubano que revolucionou o jazz latino—, continúa, aos seus pouco máis de oitenta anos, inventándose en cada actuación, en cada novo traballo, subxugándonos co seu imponente virtuosismo ao piano e a súa enxeñosa combinación de ritmos afrocubanos, jazz, folclore e música clásica en melodías que desprenden optimismo e enerxía. Fillo de Bebo Valdés, colaborador de celebridades como Herbie Hancock, Dizzy Gillespie, Wynton Marsalis e Chick Corea, artífice dunha discografía inabarcable e responsable de directos refulxentes, chega ata nós á fronte do Royal Quartet, que completan José Armando Gola ao contrabaixo e baixo eléctrico, Horacio El Negro Hernández á batería e Roberto Vizcaino Jr. á percusión. Un torrencial caudal expresivo que une imaxinariamente Santiago de Cuba con Nova Orleáns.



Chucho Valdés: piano
José Armando Gola: contrabaixo e baixo eléctrico
Horacio El Negro Hernández: batería
Roberto Vizcaino Jr.: outros instrumentos de percusión

EN COLABORACIÓN CON
PRODUCCIONES
MIRMIDÓN



Martes 11 de novembro ás 22:30 h

RICARDO FORMOSO

Electric Rebound GALICIA

Electric Rebound titúlase o novo álbum do trompetista coruñés Ricardo Formoso, profesor na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo de Porto e membro da Orquestra Jazz de Matosinhos. Tras publicar *Origens* (2017) e *Implosão* (2020), Formoso presenta o seu terceiro rexistro discográfico como líder, gravado en febreiro de 2025.

Para darlle forma á obra, reúne a tres músicos insignes da escena jazz galega: Virxilio da Silva (guitarra), Iago Mourinho (teclado) e Miguel Cabana (batería). Con carreiras consolidadas tanto a nivel nacional como internacional e unha dilatada experiencia no ámbito pedagóxico da música, o cuarteto mergúllase en augas salgadas de sonoridade eléctrica e vibrante.

Ideadas integramente por Formoso, as composicións incluídas neste traballo combinan a riqueza harmónica e melódica do jazz con elementos do rock e do funk. O resultado concrétese nunha fusión, na cal predomina un forte carácter rítmico, e na materialización de ideas que permiten o diálogo e outorgan protagonismo a tódolos instrumentos.



Cada tema abre espazo á improvisación e á expresión individual dos músicos.
Sólido, intenso, dinámico.

Ricardo Formoso: fliscorno
Virxilio da Silva: guitarra
Iago Mourinho: teclado
Miguel Cabana: batería

Mércores 12 de novembro ás 22:30 h

TOMILLO COLLECTIVE

PAÍSES BAIXOS

Tomillo Collective compóñeno un cuarteto de jazz e un trío de corda, o que permite tomar en consideración diferentes panoramas sonoros e xuntar músicas como flamenco, afro, disco e clásica, co jazz facendo as veces de cola carpinteira. A súa primeira gravación de estudio, *One Life*, presenta estas características e senta as bases do seu son como banda.

Ofrece un *show* dinámico no que se coidan a posta en escena, as historias que se han contar e a estrutura, textura e emoción que fan do concerto unha experiencia extraordinaria para ser gozada por asistentes de todo tipo.



Marta Florit: violín, voz
Vivian Giesbertz: violín, voz
Maria Sala: viola, voz
Sebastiaan Janse: teclado
Sacha Palies: baixo
Stefano Agus: batería
Nacho Tomillo: saxofón, composición

Mércores 12 de novembro ás 20:30 h

YUMI ITO

SUÍZA/POLONIA/ESPAÑA/ITALIA

A cantante, pianista e compositora Yumi Ito xera mundos que transcenden calquera límite. Suíza de orixe polaco-xaponesa, móvese con soltura por diversos xéneros e nos seus diferentes roles, ademais de se contar entre as representantes máis destacadas da improvisación vocal; o repertorio de Ito é igualmente variado, un inmenso océano de *pop art*, *jazz* e música neoclásica. Tocada pola forza de innumerables concertos e xiras, actúa cal mestra zen, clara, reflexiva e cun espírito singularmente poderoso. Entre os fitos da súa carreira encóntranse actuacións en Blue Note Nova York e no Festival de Jazz de Montreux, xiras por Asia, Europa e América do Sur e, a maiores, cinco álbums editados como líder de banda.

Yumi Ito enche regularmente salas de concertos e festivais internacionais, sen esquecer concertos recentes para os que se esgotaron as entradas: Festival JazzArt, NOSPR, Katowice (Polonia), Festival de Jazz do Véneto no mítico La Fenice de Venecia (Italia), Festival de Jazz Akbank en Estambul (Turquía), Festival de Jazz Eurovenezolano (Venezuela) e o Festival ZOA en Ardagger Stift (Austria).

Gañadora do Concurso de Jazz de Montreux, foi seleccionada para o Programa Focus Year á dirección de Wolfgang Muthspiel no Jazzcampus Basel (2017-2018), recibiu a Beca de Promoción de Jazz de Alta Prioridade de Pro Helvetia (2022-2024) e foi elixida por unanimidade polo xurado de Jazzahead! para unha presentación Jazzahead! en Bremen, Alemaña (2024). Yumi Ito actúa en solitario ou coa súa banda, que integran o poeta da batería Iago Fernández, o contrabaixista Nadav Erlich e mailo guitarrista Alessio Cazzetta.



Yumi Ito: voz e piano
Nadav Erlich: contrabaixo
Alessio Cazzetta: guitarra
Iago Fernández: batería



MARCH MALLOW

FRANCIA



MURALLA DE LUGO
PATRIMONIO
DA HUMANIDADE

PATROCINA



Concello de Lugo
ALCALDÍA



Catro músicos, que atesouran ricas e variadas experiencias, xuntan fortalezas nas cales desenvolver con precisión o canto sutil de Astrid Veigne, preamar en poder.

March Mallow é unha oportunidade para reaviva-la emoción dunha época espléndida nas cancións de *blues* e *jazz*.

Introdúcenos de pleno nun dos períodos pertencentes aos anos 50 con maior creatividade canto a historia estética do *jazz* americano. Falamos daqueles anos nos que EEUU situou a Europa na reurbanización, os vaqueiros e mailo estilo de vida americano e daquelas gravacións eternas dos meirandes artistas da música *jazz*.

Para inicia-lo seu relato musical, March Mallow decidiu render homenaxe a dous vocalistas do máis destacado na devandita época, dous das maiores figuras que coñeceu o *jazz* en popularidade e



calidade de obra e igualmente en compromiso artístico e social co movemento polos dereitos civís en Estados Unidos: Nat King Cole e Billie Holiday.

No escenario, a atmosfera é satinada, o son moi próximo e o grupo devólveno-la emoción dos concertos neoiorquinos nos primeiros tempos do Birdland en Manhattan e o Teatro Apollo en Harlem.



Astrid Veigne: voz
Eric Doboka: guitarra
Christian D'Asfel: piano
Thomas Plès: contrabaixo
Thomas Leverger: saxo



Xoves 13 de novembro ás 22:30 h

DEBORAH J. CARTER

USA/PAÍSES BAIXOS/ESPAÑA

Cantante e compositora, autora dun estilo moi persoal de interpretar o jazz contemporáneo, foi descrita pola revista *Music Maker* coas seguintes palabras: «unha artista absolutamente *top class*, unha das vocalistas de jazz máis excitantes na escena europea actual».

Naceu en Estados Unidos e medrou a camiño entre Hawai e Xapón. Desde moi cedo dedicase á música e forma o seu propio trío. Viviu tempadas en España, onde é ben coñecida, e durante as mesmas colaborou nos traballos de Max Sunyer, Carles Benavent e Salvador Niebla, engadindo a composicións que forman parte dunha variante de jazz mediterránea non só voz, senón, ademais, letra.

Deborah desenvolve unha intensa actividade coa propia banda mundo arredor. Non por iso lle deixan de resultar atraentes os grandes clásicos do jazz, e actúa como artista convidada en numerosas orquestras europeas do xénero: Berlin Jazz Orchestra, Metropole Orchestra, The HR Frankfurt Radio Big Band, Timeless Orchestra, American Songbook Orchestra, Ruud Bos Big Band, Mike Mossman e Sedavi Latin Jazz Big Band.

Deborah J. Carter: voz
Mark Zandveld: baixo
Alberto Medina: piano
David Xirgu: batería



PROGRAMACIÓN 2º SEMESTRE

Teatro e Danza

LUGO 2025



entradaslugo.es

**AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
DO 2 DE OUTUBRO AO 14 DE DECEMBRO**



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

PROGRAMACIÓN ADULTOS



Ca-co-Flex"
de Alomáis teatro

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.



"Los innombrables"
de Sin Mente Teatro
"Colectivo artístico"

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.



"Todo lo posible"
de Nueveuno Circo

Idade recomendada: A partir dos 6 anos.



"Oh, mammi blue!"
de Cinema Sticado

Idade recomendada: A partir dos 16 anos.



"Un tal Romeo"
de A Ramboia

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.



"Heroes en decembro"
de Ancoraxe

Idade recomendada: A partir dos 12 anos.



"Ellos y yo"
de Jordi Font

Idade recomendada: A partir dos 12 anos.



"Nas Nubes"
de Redrum Teatro

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.



**"Mofa e befa: Os dous de sempre.
O regreso"** de Producións teatrais excéntricas

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30h.

“Un tal Romeo” de A Ramboia

75min.

DURACIÓN


 idade recomendada:
a partir dos 14 anos

Sinopse:

Apoiado por unha tremoia escénica viva, un actor prepárase para interpretar o papel de Romeo. Repasa pasaxes da obra shakespeariana, asiste a un casting e a continuación destrúe a golpes o balcón de Xulieta.

Xunto a un TRAMOLLISTA, o INTÉRPRETE rede ne o seu concepto de amor caduco e infeccioso que o incapacita para a vida e o teatro. Repasa a concatenación de primeiras veces que experimenta Romeo; casar, perder a virxitude, matar a alguén, ser desterrado e quitarse a vida, na procura de respostas a unha problemática propia que resoa na súa cabeza:

NON TES PERFIL DE ROMEO.

XAMÁIS SERÁS PROTAGONISTA.

O AMOR É SECUNDARIO.

O ROMANTICISMO ESTÁ MORTO.

A TÚA CARREIRA TAMÉN.

Unha ironía metateatral de contrastes e tensión rítmica entre ondas coreográficas.

Que difícil é querer, que difícil é quererse.

PROGRAMACIÓN FAMILIAR



19
OUTUBRO
18:30 HORAS
50min.
DURACIÓN

“Os Senteito”
de Caramuxo teatro

Idade recomendada: A partir dos 4 anos.

18:30 HORAS
26
OUTUBRO
50min.
DURACIÓN

“Nanuq”
de Cia.Voël

Idade recomendada: A partir dos 3 anos.

2
NOVEMBRO
18:30 HORAS
45min.
DURACIÓN

“Coa cabeza na nubes”
de SÖA Cia

Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

18:30 HORAS
9
NOVEMBRO
50min.
DURACIÓN

“Copiar”
de Animal Religion

Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

16
NOVEMBRO
18:30 HORAS
50min.
DURACIÓN

“Fala, fala, falangueira”
de Matrioshka Teatro

Idade recomendada: A partir dos 7 anos.

18:30 HORAS
23
NOVEMBRO
60min.
DURACIÓN

“Bagaxe”
de Cia Arturo Cobas

Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

7
DECEMBRO
18:30 HORAS
40min.
DURACIÓN

“Os contos do Lobicán”
de Redrum Teatro

Idade recomendada: Dos 3 aos 6 anos.

18:30 HORAS
14
DECEMBRO
45min.
DURACIÓN

“Teatro de papel”
de Rauxa Cia

Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 18:30h.

9
NOVEMBRO

18:30

HORAS

auditorio municipal gustavo frere



“Copiar” de Animal Religion

50min
DURACION



idade recomendada
a partir dos 6 anos.

Sinopse:

Copiar ten mala reputación. O pensamento que hai arredor deste acto é pexorativo, de pouca orixinalidade, de poucas ideas individuais e, polo tanto, de pouca personalidade. E é un feito sorprendente porque, en realidade, como seres sociais que somos, desde que nacemos ata que morremos sempre copiamos. Copiamos cómo falan os outros, cómo se moven, cómo se expresan, cómo se visten, qué opinións teñen... En realidade, copiar é moi natural. Todas nos copiamos as unhas ás outras e grazas a este feito conectamos, aprendemos e facemos aprender e, así, a sociedade evoluciona.

Copiar é un espectáculo que invita ao escenario a un grupo de nenos e nenas de 8 a 10 anos. Este grupo non foxo ningún ensaio nin ningunha preparación antes de entrar en escena. Xunto a Animal Religion transitan por un espectáculo xoguetón, emotivo e ecléctico onde a única guía é a copia. Dunha copia sae tamén un orixinal.

Premio “Mejor espectáculo inmersivo” FETEN 2025.

PROGRAMACIÓN DANZA



2
OUTUBRO

20:30
HORAS

50min.
DURACIÓN



“Halley”
de Led Silhouette. CEN

Idade recomendada: Todos os públicos.

20:30
HORAS

31
OUTUBRO

60min.
DURACIÓN



“Dique”
de Nova Galega de Danza

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

22
NOVEMBRO

20:30
HORAS

“Pezas curtas; Idi Begi + Contido + Proserpina + Portrait”.

16min.
DURACIÓN



“Idi Begi”
Proyecto Larrua

15min.
DURACIÓN



“Contido”
Companhia dança Almada

20min.
